

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XI



1.º de Outono de 1927



Núm. 241

AO DECORREL-OS DIAS

Esta páxina que temos n'unha estima fonda pois sirvenos sempre para reflexar o noso ánimo de mes en mes adicándolla por enteiro ao comentario de actualidade e de mais intrés para Galicia, ponnos hoxe n'un apuro, pois aínda habendoos, non damos con un tema que encha completamente o noso desexo nín a súa finalidade.

Decía Risco no número de «Céltiga» do Día de Galicia falando de «Nós» como revista de cultura que tamén hoxe, pol-as circunstancias da vida hespañola, A NOSA TERRA ten que limitarse á mesma labor. Certamente, mais aínda comulgando integramente coa idea da necesidade de erguer a cultura galega, labor na que autuamos con verdadeiro entusiasmo e tesón, o noso espírito arelante de cousas mais vivas, enerxéticas non se resina a vivir así e pula por brincar e desbordarse en autuacións escritas que esteñan mais en consonancia co noso caraiter e co significado e representación verdadeira de esta revista.

E por eso de cando en vez n'esta páxina ou espalladas pol-as compañeiras procuramos amosstrar, para non deixarlle que chegue a atoparse comodamente n'esta insulsa e repunante situación de obrigado mutismo, o noso verdadeiro caraiter con notas, artigos ou comentarios que, eso sí, teñen que axustarse á realidade cruel e ir difuminados co'a sordina que imponen os tempos.

Revelarse contra o estabrecido non conduciría a nada praitico e somentes iría no noso perxuicio, que non nos importaría si non estivéramos convencidos de que sería un perxuicio estéril para a verdadeira finalidade.

Xa está convocada a Asambrea Nacional. Dende o punto de vista gale-

go, que é sempre dende donde enfocamos nós as custions, no orde espiritual coidamos que non terá proveito para a nosa terra. No aspecto material con asambreia e sin asambreia podíamos o mesmo conquistar as milloras que nos puideran dar como de feito xa conquerimos dende que veu a situación política actual. Como nós non podemos impedir nada do que querían facer os que mandan sô pedimos que de todo canto fagan derivense ventaxas e beneficios para Galicia que é por riba de todo, o noso verdadeiro amor.

Da visita de El Rei podemos decir que Galicia homenaxeándoo amostrou en todo momento un desexo laudatorio de aparecer ante os seus ollos como un pobo culto que quere desmentir o dictado deshonoroso e aldraxante que riba do nome de *galego* existía fai moito tempo e aínda en parte existe. A nosa maior satisfacción sería que él poidera decatarse ben d'elo e que ao mesmo tenor e dende o outo posto que por lei de herdo ocupa soupera ollar as nosas necesidades, materiás e esprituás, de pobo vivo con personalidade propia e atendela como meresce.

De todas maneiras, Galicia vive a súa vida e manfesta cada día con mais vigor unha xenerosa arela de milloramento e progreso integral que temos que facer resaltar por ser o que para nós ten maior intrés.

E abonda por hoxe.

CASTELOS NO HOURIZONTE

Camiñando pol'as terras galegas xurden estranos os castelos. Estranos á peisaxe de labranzas ou arboredos e hastra á soedade conteñida e caladamente espranzada, do êrmo. Son cousa desmasiado finxada (n'hai mais féble finximento qu'o da forza), individual ou de caste, non de lár. Están fóra do vivir da terra coma decoraciós feitas pra'un ouxeto moi detremiñado, de fuxitiva necesidade. Por iso deixan unha impracable sensación de vellez qu'endexamais teñen as eirexas nin os pazos por moi escanastrados que figuren. Outra fidalguía viviu nos pazos, labregos com'os mosteiros. Dend'os castelos a peisaxe adquire carauter de coto pechado e nemigo dos mais, pois atalayan esculcantes o hourizonte sin agromar no chan com'as eirexas. Coas suas outas torres quixeron criar o vivir n'unha zona atmosfereca superior. Lanza espetada no

torrón, unha cousa posta, sin raíces. Cando se desfán soilo resta unha impresión de vontade infroitosa: o fundamento da torre no penedo. Algús pónense a tono c'o mundo d'arredor acaracochándose mainamente o igoal dos castiñeiros. En xeneral, fican esquinales en duros diedros coma os peitos das aves de rapiña.

Non é que fagamos decramaciós que estiveron ben, quizais, en certos días. Cada cousa demanda seu tempo e cada tempo as suas cousas. A relación feudal foi un contrato; seu sello o castelo. Onde houbo unha torre fica unha impronta da esgrevia chancillería: ti me serves, eu te defendo. Os sellos dos privilexios son redondos com'as fundamentas das torres. A aldeia dispónse arredor e abaixo, o pé do coto, com'unha grea d'avenza temerosa do de fora e do d'enriba. Ti para circular que non pode espaxarse nin

medrar pol'a campía, nin botar fillos pois semella estratexia receosa das bestas no monte. O castelo isolase inda no medeo da vila. A auga porca do foso é a fronteira de vivires difrentes qu'endexamais sentiron comunalmente. O contrario do mosteiro o castelo non ten profundidá. Vertical e de primeiro prano. Com'a espada afincada no chán qu'adouraban certas tribus xermanas. Ben dubidosa aparece a súa funceón na criazón das vilas, fillas ó tempo do camiño e da terra.

En troques hai un senso eterno no befrei civil e na casa-forte. Aquil ten unha voz e ista siñifica a defensa d'un vivir familiar. Certamente diron unha orgaizaceón e teñen unha universalidade mais supreficial, o fondo arelar das terras. A aldeia ceibe pódese comparar c'un rebaño de vacas e bois, solene, froitoso, criador. O castelo todo o mais pas-

torea unha grea temerosa d'ovellas. Gado miudo, de dente famento, que mata os arbores e roe hastra as torqueiras das uces.

Os castelos fazianse depresa por a forza do medo e da obrigaceón. E tamén se desfazian aixiña. O que decotaron os Irmandiños non renovou. En troques a casa e a eirexa engroman novamente.

Estranos a peisaxe figuran con ponte e río un coartel de brazón. ¡Qué diferente o castro racial do coto do castelo!

É natural que n'haxa castelos na veiramar. As olas non se suxetan a fondo. Hai cabalo, non nave feudal. Pois a nave pirata foi emigrante ou burguesa. A derradeira simboliza un canto da épica burguesa tan esgrevia, forte e dina de interpretaceón artística com'a feudal

R. OTERO PEDRAYO

Ainda os Orfeóns

De por si xa, resultan rídiculas e pasadas de moda éstas agrupacións das que na nosa terra ainda quedan restos. E por consecuencia pásalles o mesmo aos certames que de cando en vez celébranse n'algún pobo galego. Este mes celebrouse un en Ribadavia ao que concorriron varios orfeóns galegos. A nós xa nos ten sin cuidado que haxa aínda quen pensa n'istas cousas anque non deixa de ser lamentable ollar as xentes que se afeñan en non adaitarse aos nosos tempos e atopan moito pracer en facer o ridículo aló eles. Mais é do caso que no aludido certame ocorriron cousas que xa non deben pasar sin seren comentadas e censuradas.

Os orgaizadores escollen como obra de concurso unha obra vasca, bastante mala pol-o visto, onde se canta á libertá e os fueros de Vasconia. Pol-o visto non hai obras galegas bastante millores e sobre todo que por seren galegas estiveran mais axeitadas n'un concurso celebrado en Galicia e con cantantes do país.

E despois para engadir unha barbaridade mais á dita, o orfeón cruñés. «El Eco», que que xa non é nin o eco do antigo orfeón,

leva como obra de libre elección unha jota navarra que prodiga escandalosamente nos festivás que celebra. Xa nos dirán vostedes en que se conosciá pue os orfeonistas eran galegos.

Demostra todo isto unha carencia de sentimento propio e unha falla de gusto artístico que dá verdadeira lástima. Certo que a cousa non vale a pena de indinarse pero si convén chamar a atención para ver si é posible que non se repitan semellantes cousas que non fan nada no favor de todos e poñen no mais espantoso dos ridículos a quen as realizan.

Mais amodadiño e gusto e aínda se vós parece millor, a nós dende logo, que se licencien estas aguerridas hostes xa anticuadas e adíquese o mesmo tempo e as mesmas facultades a facer outra labor mais artística e de mais proveito para Terra.

VICENTE RISCO

ABOGADO

SANTO DOMINGO, 47-2.º — OURENSE

LUÍS AMADO CARBALLO

Deixounos abraiados a noticia. O poeta inspiradísimo que fai dous meses levantou na crítica galega unha explosión de entusiasmo e admiración pol-o seu formidabile libro de versos «Proel»; morreu. Faisenos imposible creelo. Como algo inespricable, fora do humán alcance, acompañanos constantemente no pensamento o seu nome den-

de que chegou a noticia. Nós días antes mantivemos correspondencia con él, unha correspondencia ou timista que nin por asomo deixaba entrever o fatal sucedido. O seu libro chegara a nós agarimosamente adicado e de él falábamnos no número denante derradeiro e no derradeiro publicábamnos, coincidindo con a sua iñorada

morte, uns versos «Mosteiro» que foron unha das suas póstumas producións. Por todo elo e pol-a perda grande que significa para as letras galegas, é fondo en nós o sentimento pol-a súa morte.

Porque Amado Carballo era algo excepcional na poesía galega, un orientador que sin arredarse dos métodos axeitables ao noso carácter racial sabialle imprimir ás suas producións un matiz moderno e renovador. Nas páxinas de A NOSA TERRA, da que era asíduo colaborador, figuran versos seus xá dende fai anos que se despertaron n'él as inmellorables aitudes poéticas que todos

lle reconoscan. E aínda téndoo nós xa de sempre como poeta bñ e grande foi o seu libro «Proel» o que definitivamente conságrouno como tal. E cando gozaba das meles do triunfo e da gloria veu a morte a truncar unha vida xenerosa adicada por enteiro ás boas causas.

Poucas vegadas como agora pódese decir

que a literatura galega está de loito. Porque quen xá nos tiña dado inmellorables mostrados do seu valor e do seu cariño que por ela tiña, andando o tempo, que lle adicar páxinas xurdias que a colocaran moi outa. Porque Amado Carballo era do mais exquisito e escollido da actual xeneración de poetas e escritores en

Líricos da Alemaña

A UNHA AMIGA

RAINER MARÍA RILKE

Trad. AMADO CARBALLO †

Quen nos dixo que todo desaparece?
Do paxaro que ferimos
Quen sabe si os voos ficarán,
E eicais as frores dos agarimos
Sobrevivennos a nos e o seu chán.

Non é o xesto o que dura,
Mais él vos pon a armadura
D'ouro —dos xionllos aos frós—
e a batalla foi tan pura
qu'a leva un anxo a pur de vos.

idioma galego.

Tiña para nós ademais o chorado amigo unha outra condición que aumenta o noso pesar. Era galeguista dos bñs, militante e entusiasta soldado do exército dos bñs e xenerosos. Pensaba como nós e co-a mesma nosa ideoloxía arelaba a redención galega e traballaba por ela adicándolle o seu talento do que tantas brilantes mostrados nos deixou en herdo.

O noso corazón atópase abraiado pol-a ausencia do querido irmán e tardará en afacerse a latexar sin a sua garimosa compañía. Deixa en nós un sentimento fraternal tan

grande que a súa lembranza non se borrará endexamais do noso pensamento. Estas verbas son como bágoas que nos fai deitar a dôr profunda que nos conmove.

Repouse na paz da terra galega o irmán inesquicible e seipan os seus familiares que como cousa propia compartimos con eles a desgracia que a todos prívounos d'un ser querido.

* * *

Hoxe publicamos unha tradución do alemán que Amado Carballo enviaranos días antes da súa morte. Por outra parte o poeta

Vidal Martínez, íntimo e compañeiro inarredable de Amado, está facendo unha escolleita de traballos que Amado Carballo deixou inéditos para con eles imprimir axiña un libro de cuia confección encarregarase a Editorial NÓS. Ao mesmo tempo que un bón homenaxe á lembranza do querido morto será unha ocasión para consagrar mais a xusta fama de bón poeta que gozaba. Temos de acoller con agarimo fondo a aparición do libro, do mesmo xeito que a noticia da súa impresión, tennos producido emoción e ledicia.

ANIVERSARIOS

Luís Porteiro.—O 27 do mes actual cúmprese o noveno aniversario da morte do chorado paladín do nacionalismo galego. Pasan os anos e a súa figura esgrevia de rexo loitador agrándase na nosa lembranza como algo xurdido e maravilloso na historia do rexurdimento galego. Aínda son de actualidade os seus escritos e resoan nos nosos ouvidos, con balbordo patriótico, as súas verbas maravillosas de orador cálido e fervente ao servizo da Santa Causa.

Luís Porteiro foi dos homes que endexamais poderán esquecer quen esouperon do seu enorme valor e capacidade creadora. Por eso nós que con él convivimos os xurdidos momentos de cimentar a Idea no chán patrio teremos eternamente para o apóstol unha lembranza grande ategada de saudade pol-o valeiro que coa súa morte deixou nas ringleiras dos bós e xenerosos.

Florencio Vaamonde.—O velliño precursor que hasta o momento da súa morte, fai o 19 d'este mes dous anos, levaba no corazón fondamente arraigado o sentimento patriótico, tén en nós unha lembranza que non morrerá endexamais.

D. Florencio, inxustamente esquecido fora do círculo galeguista, militante, deixou realizada unha gran obra literaria fondamente meritória e fondamente patriótica. Era un xeneroso corazón que latexaba ao conxuro do rexurdimento de Galicia e por eso non podemos nós esquecelo.

Sexan estas verbas unha fror que como lembranza sempre viva depositamos na campa onde repousa ao se cumprir o segundo aniversario da súa morte.

Valentín Lamas Carvajal.—Tamén n'este mes cúmprese un novo aniversario da morte d'este poeta galego da xeneración de precursores a quen tanto debemos. Poeta das aldeas recolleu en libros e versos que leense sempre con devoción o vivir das xentes humildes dos nosos agros onde vive latexante e admirabile a grandeza da alma galega. Aínda o seu «Catecismo do Labrego» e de actualidade. Foi un dos millores e gabados poetas galegos cuia musa inspirouse sempre na vida galega, e nas arelas da nosa redenzón. Está sin cumprir un mandato seu que o seu amor pol-a terra fíxolle decir cheo de carraxe na produción aquela que fala da morte de Pardo de Cela. O seu mandato ten que ser cumprido que non en van os poetas son videntes e do porvir dos pobos teñen profecías.

Con estas verbas cumprimos un deber de lembranza que ben meresce o inesquicible poeta.

Gallegos, constantes
O loito levemos,
Hasta quo vingüemos
O nobre varón.

O nobre esforzado
Que a patria bandeira
Sostuvo, altaneira,
Con firme tesón.

El foi seu escudo
Que toda a valía
So puidolle a impia
Traición derrubar.

Mais ti non morriche
Bon Pardo de Cela,
Por mais que Castela
Te fixo matar.

Teu nome glorioso
A sona pregoa
Namentras che entoa
Un hino o cantor;

Que dina alabanza
Do pobo mereces,

E mil e mil veces
O patrio louvor.
Pois que odio xurache
Sin fin ao tirano,
Cuidemos que en vano
Non quede o xurar.
Seguindo, constantes,
Teus pulos ardentes,
Morrendo, valentes,
Pra o pobo salvar.

Ouh, ti non morriche
Bon Pardo de Cela,
Teu nome Castela
Morrer non verá.

Que en tanto que alente
No chan bendecido
Un celta, esquecido
Xa nunca será.

† FLORENCIO VAAMONDE

(Inédito)

VAN APARECER EDITADOS POR
NÓS

Os «Dibuxos en Linoleum» por XAIME PRADA
con glosas dos mellores escritores galegos

PIDA A NÓS REAL, 36 1.º, A CRUÑA
A ROSA DE CEN FOLLAS

Derradeira produción de RAMÓN CABANILLAS

SAUDADES

Pra ir o «atelier» en París, tiña que pasar por un patio onde había un bancal con plantas e unha casiña pequena feita de taboas de caixón vello que, con aquela neboa mesturada con a poeira e o frío húmedo, fan parecer todo triste revestendo a paisaxe de unha certa morriña que só comprende quen tuvese vivido lá.

A casiña servía de abrigo a unha pobre galiña negra, como isas que ha na Galiza. O vela, sempre me compadecía d'ela e quería ver na súa tristeza de vivir soia, adiviñar o seu pensamento, por que os animaes tein tamén seus desgostos. ¡Xa coñecí varios con desgostos de lle costar a morte!

O pasar ollaba pra ela con lástima e faláballe en galego. Moitas veces o pan que me sobraba do xantar mandávallo, mais nunca a vin comer nin espallar a terra con as uñas, sempre a cabeza metida debaixo da ala parecendo querer meditar na súa vida, e a separación dos seus.

Eu pensaba. É unha maldade ter esta coitada galiña enteiramente soia sen ter con quen conversar, con quen trocar ideas e comunicar suas tristezas e satisfaciós, acabar por esquecer de cacarear, e terá unha lembranza lonxica dos seus bons tempos, cando vivía rodeada dos filliños e podía frecuentar a súa sociedade: craro que non deixaría de ter suas tristezas; ciumes... desgostos con as veciñas... dor no corazón o ver comer de tempo en tempo un dos fillos mais gordos... Mais o a nor á terra, aquele sol, aquele ceo craro e alegre, que todo lle falaba das lembranzas de cando era poliña, vendo os sitios onde tiña sido criada, recordando a vida de nena: facíanlle esquecer os desgostos, viviría alegre espallando a terra, cacareando, tendo a certeza que d'algunha esquina responderían a súa fala, e non faltaría un galo galán que lle contase as suas mentiraxes que ela acreditaría convencida; como todas...

¡Agora soia...! non vendo outro semellante...

¡Só os que pasan pol-o patio na man das cocineiras, depenalos balanzándose con a

cabeza pendurada, e tirados pra enriba d'unha mesa con desprezo; hastra chegar o momento de ser botados na panela que os espera con a grasa rechinando...!

¡Sen ter un bocadiño do sol e alegría da súa terra...! sen ter pol-o menos uns discos de gramófono con un alálá ou muñeira pra matar as saudades de vez en cando...! Facíanlle mil favores coméndoas logo, pol-o menos acababa de sofrer, por que xa deu o que tiña de dar n'este mundo, non está esperando si non a morte, que lle debe parecer demorar muito, ó verse lonxe da terra e das persoas que ela quería.

Weymouth Agosto 1927.

CORONA GONZÁLEZ.

O Moimento a Curros

Como xa saben os nosos lectores foi declarado deserto o concurso dos proietos presentados por considerar que ningún d'eles axustábase ás bases nin interpretaba debidamente a obra do poeta.

N'esta opinión abundábase nos derradeiro número e temos hoxe que celebrar e apraudir a aitude nobre e honrada do xurado que fallou con toda xusteza.

A Academia orgaiza agora un novo concurso que será axiña. Agardemos a il e confiemos en que de non presentarse nada que realmente mereza o premio repitirase o caso de agora antes de que despois teñamos que lamentar calquer imprudencia.

Foi moi señalado o feito de que a ningún xornal da Cruña houbera merecido o mais pequeno comentario a disposición dos proietos para moimento a Curros, nin a moi acertada resolución do Xurado. O que proba unha d'estas duas cousas: ou que non foron a visitar aquela, o que sería imperdoable; ou que co fallo ditado viron contrariados os seus desexos. Mais iso non abonda para xustificar unha aitude de silencio tan acordado en asunto da trascendencia que este ten para Galicia.

A N A C O S

MISTER PARKING

Mister Parking era un inglés de sabencia. Tiña serenedidade de home forte; e por de contado sabía com'a todol-os ingleses, que Ingraterra é a dona do mundo.

Mister Parking era, simplemente, un bó inglés.

Chegou a Galicia pra traballar (?) no Ferrol. Dito vai que Mister Parking era home entendido en cousas naváas.

Mais Mister Parking non era un bó mariñeiro, e morréu afogado unha vez que tivo a malfadada idea de querere pescare un peixe galego.

Fói eisí: Mister Parking fói á pena da Marola os — ingleses inda son orixináas—e sentóuse a pescare. Puxo o engado na blinca e zampóuna no mare. Non ben choupóu na i-auga, un peixe roxo, longo, que daba mesmamente gromia velo, escomenzóu a voltare enredor do fio, a fror da i-auga.

Mister Parking ollábao, e dabanlle mesmamente ganas de collel-o ca mao. Mais o peixe non era parvo, e como si adiviñara as ideas do inglés, fuxía, voltando tan axiña como Mister Parking arrenunciaba a collel-o.

Mais xa vai dito que Mister Parking era un verdadeiro inglés, e os verdadeiros ingleses coidan que na Hespaña nada é imposible pra iles.

Mister Parking patexaba, de xenreira i-embexa, cada vez qu'o peixe voltaba a pasárelle diante dos ollos. Eisí fói que Mister Parking, coidando qu'o peixe bulrábase d'il, zampóuse na i-auga a collel-o sin adecatárese de que non sabía nadare.

Mister Parking afogóuse no mesmo tempo en qu'o peixe, picando na blinca, levaba a cana pol-o mare adiante.

MONSIEUR PICOT

Monsieur Picot fói na Francia un «mani-

qui-vivent». Na Galicia somentes foi muxú Palletas.

Sin dúbida na sua mocidade, Monsieur Picot viviu na orela do mare e por elo levóu a Galicia a saudade d'aqueles seus tempos mozos.

Ollaba ao lonxe agarimosamente, e todal-as tardes parábbase nos magallóns da costa pra vel-o mare perdérese na noite.

Mais os pescos tiñanlle xenreira a Monsieur Picot, tan vestidiño sempre, coa raia do calzón tan ben feitiña,..

Un día, Monsieur Picot caéuse no mare. Empezóu a dar berros en francés:

—¡Secour, secour!

E naide o sentíu.

Monsieur Picot morréu afogado, i-os pescos ollárono cando voltaron do mare cas traineras cheias de peixes.

Leváronno morto á «Comandancia Marítima», e foron pr'os seus fogares falando de Monsieur Picot.

O Patrón dicía:

—Dácheme lástema o francés; o probe, ¡levaba tan ben feitiña a raia d'os calzós!...

SAMUEL Y ANKELEVICH

Samuel Yankelevich era un xudío nado na Poloña rusa. Cando fói maor, fóise a Varsovia, e axiña se decatou qu'elí non quedaba cousa que roubáre.

De tomo en tomo corréu meio mundo. Fói de New-York ao Brasil; do Brasil a Buenos Aires, e arrematóu caendo na Galicia.

Il leéra nos xornáas galegos d'ultramare que na Galicia prestábase con moitisma usura e qu'os galegos, entr-outras virtudes, eran de raza sofrida e traballadora.

Samuel pensóu:

—¡Boa terra!

Chegóu a Galicia nun paquete inglés, e ficóu, ó fin, en Vigo.

Eiqú e bó país. Buscóu muller e puxo ten-

da. O letreiro que campaba no alto da porta, decía eisí:

SAMUEL YANKELEVICH
Compra - Venta - Hipotecas

Dez anos viviu Samuel na Galicia. Tivo oito fillos, e morréu unha noite de Nadal.

Cando Samuel morréu, os fillos s'espallaron por Galicia, e nasceron alí oito novas tendas de «compra-venta-hipotecas».

Os donos das novas tendas, son «regionalistas sanos y bien entendidos», e treman de xenreira cando ouven falar da redenzón da terra.

Eu tremo de carraxe cavilando que cada un dos netos do Samuel poña unha nova tenda de «compra-venta-hipotecas».

VON ENRICK

Von Enrick chegou da Alemania o derradeiro día do mes de Nadal. Von Enrick viña metido nun impermeábele mouro que dáballe moitísima seriedade. Traía na mao un chanteiro, e un monocle no ollo dereito.

Os rapaces chamábanlle «míster», e a Von Enrick dáballe xenreira pasare por ingrés. Il estudiara na universidade de Berlín e nas-

cera na cibdade de Liepz. Mais afíxose axiña ao cámbeco.

Von Enrick tiña un outo espírito da crítica. Marmulaba de todo, e sempre que ollaba cousa mal feita, berraba votando por diante.

—¡Oh, na Alemania non se fai isto!...

Axiña fíxose noxento Von Enrick, ao mozo do hotel, xa canso d'ouvir sempre:

—¡Oh, na Alemania non se fai isto!...

Un bó día, Von Enrick baixába as escaleiras do hotel poñendo no ollo dereito o seu monocle. Von Enrick que sempre puxo n'aquela operación moitismo coidado, se non decatou de que baixaba as escaleiras, e caíu a rolos hastr'o portale.

Sangróu, e fíxose un grande corno na testa.

Cando o mozo do hotel baixou axudalo, xa Von Enrick era ergueito. Berraba e cuspiá efes cheio de xenreira:

—¡Na Alemania endexamáis pasa isto; as escaleiras fanse como é debido!...

O mozo do hotel, amolado xá de tanta Alemania, espetóulle na orella:

—Olle vostede, míster: na Galicia facemol-as escaleiras como nos peta, e baixamol-as cos pés. Endexamáis coidamos que na terra de vostede baixáranas c'os cornos!

Von Enrick seguíu cuspiendo efes, namentras, cunha máo na testa i-outra no chan, buscaba o seu monocle.

JULIO SIGÜENZA.

Bôs Aires.

A EDITORIAL "NÓS"

En marcha xa a nova Editorial, que s'inaugurou co derradeiro número de A NOSA TERRA; está confeccionando dous dos novos libros que ten anunciados. Son «Dibuxos en linoleum» de Xaime Prada cada un dos cales irá glosado con un traballo dos nosos mellores escritores galegos Antón Villar Ponte, Risco, Banet Fontenla, López Cuevillas, Plácido R. Castro, Cabeza de León, Magariños Negreira, Filgueira Valverde, R. Villar Ponte, López Abente, Otero Pedrayo, Blanco Torres e outros a «Historia Sintética de Gali-

cia» de Ramón Villar Ponte. Os dous libros sairán á lús nos derradeiros días de outono e serán as primeiras demostracións da perfeición con que NÓS vai realizar os seus traballos e de feito xa dous éxitos grandes pol-a calidade dos libros e pol-o seu intrés fondo.

Tan axiña como esteian rematados adicárase NÓS a imprentación do diccionario de don Eladio Rodríguez González que pol-a súa extensión vai publicar en cuadernos mensúas maneira faitibre e económica de se poder facer con unha obra de tan grande mérito e importancia. Ao mesmo tempo irá imprentando outros libros que difrentes es-

critores están rematando para dar á impreña.

Como se vé, a «Editorial NÓS» ven disposta a imprimir ao desenrolo da literatura galega unha aitividade grande feito patriótico que temos de acoller con satisfacción inmensa e apraudir como se meresce.

UNHA ACRARACIÓN

Para contestar a moitos amigos que pol-o visto escribíronlle preguntándolle si era seu o artigo que firmado por F. A. publicamos no derradeiro número de A NOSA TERRA, o señor Fernández Armesto, dixo no «Pueblo Gallego» que non era d'él o tal artigo.

Efeitivamente non era e non deixa de nos causar certa extraneza o intrés d'esos señores. O artigo é orixinal do noso irman Francisco Abelaira que xá fai tempo ven firmando traballos n'esta revista coás iniciás do seu nome.

Non podía ser do señor Fernández Armesto por varias sinxelas razóns: Porque os que escribimos en A Nosa Terra somos dos que as dan e non dos que as levan, porque o referido señor non colaborou nunca na nosa revista e finalmente porque xa fai tempo que deixou de escribir en galego a raíz do seu viaxe a París que nos descubriu con unha serie de artigos que como si foran cuadernos de aventuras titulaba «Un gallego por el mundo». Pol-o visto era o primeiro galego que saía da Terra e o mundo non é mais que París.

E nada mais. Pol-a nosa parte tamén deixamos acrarado o erro, cousa que nos praxe de veras, para satisfacción dos preguntantes e do noso irmán Abelaira autor do artigo.

PENEIRANDO

En Pontevedra houbo unha festa galega e os organizadores d'ela rifaaron un mantón de manila, regalo dunha casa forasteira. ¿Non vos parece que é unha cousa que desentona considerablemente? O donante será andaluz e na súa terra estaría ben o do mantón pero aquí entre galegos esas cousas caennos como a un cristo un par de pistolas.

Está ben que os haxa castizos e flamengos, aló cada cual, pero ao que non hai dereito e a facernos flamenquistas a quen pol-o noso caraiter te-

mos que repudiar esas cousas por exóticas.

É o mesmo que si n'unha festa andaluza rifásen unha monteira ou unhas cirolas. ¿Non vos parece que sería estúpido? Pois o mesmo esto outro. Os organizadores da festa xa puideron se decatar d'elo e non dar lugar a que con xusta razón haxa quen pense que son parvos de natureza.

Antes Hespaña oficialmente tiña 49 provincias pero todos sabiamos que non eran mais que 48 pois a de Pontevedra era de Riestra. Agora vai a ter 50 como xusta compensación.

Xa vedes o que vai dun tempo a outro.

A Diputación de Ourense acordou pol-o visto traducir ao castelán «O Catecismo do Labrego» de Lamas Carvajal.

De tal tamaño é o disparate que somentes se lle pode ocorrer a quen non rixa ben da cabeza ou teña tanto desapego á terra que se faga acreedor ao calificativo de despreciabre. Por moitas voltas que lle damos non atopamos a razón que poidera impulsar á Diputación ourensán a tomar tan disparatado acordo. Supoñemos voltoráse atraís d'él xa que de non ser así facían un intolerabre aldraxe a Galicia e a lembranza inmorrente do gran poeta.

Si é para espallar en Galicia tén millor finalidade en galego que así o escribín o poeta e así falamos aínda, pese á quen pese, en Galicia. Si é para espallar en Castela que faga a tradución calquer Diputación castelán pero endéxamais unha galega a que demostra con elo un servilismo noxento e merescente da mais xusta condenación.

COUSAS

Este número foi revisado pol-a censura




NON DEIXE
DE LEER
ESTA NOVELA
GALEGA

a de mais emo-
ción que se
produxo nos
derradeiros
tempos
300 páxinas
14 reás
a recibirá
certificada en-
viando o seu
importe a
"NÓS"

Real, 36-1.º

A CRUÑA



XOSÉ LESTA MEIS

U N C O N T O

Por XOSÉ LÓPEZ VÁZQUEZ

sorte sucede qu'á verdadeira vida do home son ós trinta primeiros anos en que mentras se cría, educa y-e novo todo pra-él é unha ledicia y-á terra un espréndido paradiso. Dende os trinta os cincuenta escomenza cos anos do burro e d'estoncias é cando se casoi-ra, fai o seu niño y-escomez'a ter fillós. D'aquela comenz'a padecer, sufrir e pasa calamidades: *é un burro de carga* na sua casa prá que traballa, pasa malas noites e con as cavilaciós todas. Cheg'ós cincuenta e como tamen s'aproveitou da vida do can, prorrógas'á sua idade hastr'ós setenta. N'este tempo empeza xa a sua vellez, non lle fan nada que lle cause gracea, rezonga moito pol-o baixo, anda xa algo encorbado y-enarcado, ás pernas comenzanll'afroxar, and'a cotío de mal xenio, rifa con todos, as rapazas xa non lle fan moito creto anqu'esté solteiro y-en fin comenzano a tratare como si *for'un verdadeiro can*, fóralle Deus a y-alma. Mais inda non romatan eiquí as suas disgracias, senón que na vida do mono, e decir, desd'ós setent'ós novent'anos herda d'este todol-os trafegos e malasfadas. D'aquí qu'ó home empeze a andare enarcado y-ás arrastras com'ó mono, os mozos farán mofa d'el, as mozas tomaránno com'un monicreque e faimerire de todos e será un verdadeiro pousafoles de cativos: casi *un mono*.

De sorte e de maneira qu'ós traballos que sofrimos n'este val de bágoas son debidos a nosa ñoranza, ó noso egoismo y-o querer ser tan comenezados. Quen moita'aperta pouc'abarca, ou, quen non quer unha cunca de caldo ten dispois que comer tres.»

* * *

Con esto din por romatad'ó meu conto que por certo fixo moita gracea no xuntoiro y-en particular'á tía Marixuana que s'aledaba moito que tod'aquelo ll'asuceder'ó home enon se mentase pranada a muller. Pro ¡malpocada! estaba ben trabucada si se creía

qu'elas serían unh'escensión. Ela ofreceunos tamén poñer o seu grao d'area na xuntanza e botarseu carto espadas un conto moi belido e qu'inda non se ll'esquencera dend'a sua xuventude; mais com'estivera a cea porparada comenzamos a comela e deixamol-o conto da petrucia pra dispois de romatada. Y-asina foi en efeuto. Sentouse n'ó seu tallo e-entramentras toconeaba e pelaba nas patacas comenzou un conto que trataba d'un Rei que tiña tres fillas, todas elas fermosas com'un Sol. Noustante sexa porqu'ó relato non tivera gracea ou sexa porqu'ó toconeio d'ela nos pegase tamén a nós o sono, él é o certo, que nos quedamos como pedras. Y-ainda debimos estar asina un bon anaco de tempo ó xusgare pol-o lume que se for'esmorecendo e xuro qu'estaríamos hastra á mañan senon foran unhos estronicios que nós despertaron y-espriguizaron. Asucedera qu'estando Alberto non moi ó seu gusto no respaldo do escano, moveu, entresonos, unha perna e como levaba postas unhas zocas novas e con madroñas y-estaba debaixo d'él un gato dormind'ó calore da lareira, debéuno trabar no rabo qu'escomenzou a queixarse c'unhos berros tan ñarmónicos y-unhos bufidos tan desagradabres que verdadeiramente era perciso ter-o sono da morte pra non recordare en nós. Despertamos y-ó restregar-ós-ollos e darnos conta da nosa situazón non puidemos conternos e chimpamos a rire á gargalladas. A cousa non era pra menos. Do conto naide soupo dar fé porque naid'o escoitou y-hastra creio qu'á tía Marixuana non foi muller de lle dar romate co sono. Despedímonos todos e dispois de m'ensinar o leite e de me dar unha candilexa pra millor ver, funme pra-ela ríndome ainda do caso do gato.

(Conclusión.)